

**ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO. PAS 2015**

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día cinco de abril de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PARQUES BIOSALUDABLES EN BERTAMIRÁNS E MILLADOIRO.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 9 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 24 de marzo de 2017 a empresa clasificada en primeiro lugar, LAPPSET ESPAÑA V. R., SL presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/2817) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de "parques biosaludables en Bertamiráns e Milladoiro" á empresa **LAPPSET ESPAÑA V. R., SL**, con CIF B-60961554, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.


E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)



concellodeames@concellodeames.org  
www.concellodeames.org



Tel: 981 883 002  
Fax: 981 883 925